

ADDENDA PRIMEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MOAÑA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS NO PORTO DE MOAÑA**REUNIDOS**

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don José Antonio Álvarez Vidal, no nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, da Consellería do Mar, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeado por Decreto 101/2023, do 29 de xuño (DOG nº124 do 30 de xuño), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG nº236 do 14.12.2017).

Dona Leticia Santos Paz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Moaña, con domicilio aos efectos deste convenio en Rúa As Barxas 2, 36950 Moaña, Pontevedra, España, facultada para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.1º.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

Primeiro.- En data 22.08.2024, asinase o convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, EPE Portos de Galicia e o Concello de Moaña para a execución das obras de reforma e mellora da nave de deportes náuticos no porto de Moaña

Segundo.- En data 4.12.2024 reúnese a comisión de seguimento do convenio, contido da mesma que se transcribe:

" Celébrase mediante videoconferencia a sesión da Comisión Técnica prevista na cláusula cuarta para facilitar o seguimento e control da execución do convenio asinado o 22 de agosto de 2024 entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, o Concello de Moaña e a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia.



1º) Constitución da Comisión de Seguimento e designación de presidente/a e secretario/a.

Constitúese a comisión coa asistencia dos que enriba se indican e se designa a Mar Teijeiro Varela como presidenta desta Comisión e a Juan Antonio Rodríguez Pardo como secretario da mesma.

2º) Proposta de addenda ao convenio con reaxuste de anualidades:

O convenio vixente, asinado o 22 de agosto de 2024, contempla os seguintes compromisos das partes e distribución de anualidades orzamentarias para o desenvolvemento do mesmo:

EPE Portos de Galicia	2024	2025
Total (sen IVE)	90.610,90 €	- €

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	2024	2025
Total (sen IVE)	90.610,90 €	- €

Concello de Moaña	2024	2025
Total (sen IVE)	90.610,90 €	- €

Mediante Resolución da Presidencia da EPE Portos de Galicia de data 25/06/2024, autorízase o inicio do expediente de contratación das referidas obras.

A comisión de seguimento analiza o estado do expediente, que se atopa nestes momentos en fase de valoración das ofertas técnicas e, polo tanto, pendente aínda da apertura das ofertas económicas, a clasificación definitiva das ofertas, a proposta de adxudicación e a recompilación de toda a documentación necesaria para a firma do contrato que, de xeito estimado, non se poderá producir ata a segunda quincena de decembro.

Igualmente, previo ao inicio das obras, será necesario redactar e aprobar o plan de seguridade e saúde antes da apertura do centro de traballo e do inicio efectivo das mesmas.

Por todos estes motivos considerase necesario modificar as anualidades previstas, de xeito que se adapten a estas circunstancias. Polo tanto propoñe esta comisión de seguimento a redacción dunha addenda ao convenio onde se modifique a cláusula 2ª en base ás seguintes cantidades actualizadas:

EPE Portos de Galicia	2024	2025
CRÉDITO INICIAL	90.610,90 €	- €
ALTA		90.610,90 €
BAIXA	90.610,90 €	
CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)	- €	90.610,90 €





<i>Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes</i>	2024	2025
<i>CRÉDITO INICIAL</i>	90.610,90 €	- €
<i>ALTA</i>		90.610,90 €
<i>BAIXA</i>	90.610,90 €	
<i>CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)</i>	- €	90.610,90 €

<i>Concello de Moaña</i>	2024	2025
<i>CRÉDITO INICIAL</i>	90.610,90 €	- €
<i>ALTA</i>		90.610,90 €
<i>BAIXA</i>	90.610,90 €	
<i>CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)</i>	- €	90.610,90 €

Non tendo nada mais que manifestar, se levanta a presente Acta no lugar e data indicados ó comezo, subscrita por tódolos asistentes en proba de conformidade co contemplado na mesma.

Polo exposto, vista a proposta da comisión de seguimento do convenio de referencia as partes acordan a subscrición da presente addenda ao convenio de referencia e con arranxo as seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Esta Addenda entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un ano, ata o 31.12.2025.

SEGUNDA.-INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

Modifícase na cláusula segunda o cadro de créditos orzamentarios e anualidades, que queda establecido nos seguintes termos:

<i>EPE Portos de Galicia</i>	2024	2025
<i>CRÉDITO INICIAL</i>	90.610,90 €	- €
<i>ALTA</i>		90.610,90 €
<i>BAIXA</i>	90.610,90 €	
<i>CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)</i>	- €	90.610,90 €

<i>Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes</i>	2024	2025
<i>CRÉDITO INICIAL</i>	90.610,90 €	- €
<i>ALTA</i>		90.610,90 €
<i>BAIXA</i>	90.610,90 €	
<i>CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)</i>	- €	90.610,90 €



<i>Concello de Moaña</i>	<i>2024</i>	<i>2025</i>
<i>CRÉDITO INICIAL</i>	<i>90.610,90 €</i>	<i>- €</i>
<i>ALTA</i>		<i>90.610,90 €</i>
<i>BAIXA</i>	<i>90.610,90 €</i>	
<i>CRÉDITO ACTUALIZADO (sen IVE)</i>	<i>- €</i>	<i>90.610,90 €</i>

As aportacións en canto á cofinanciación, tanto do Concello de Moaña como de Consellería serán pola parte correspondente ao orzamento base de licitación sen IVE, dado que para a EPE Portos de Galicia o IVE é deducible fiscalmente e polo tanto recuperable.

CUARTA. Para o addenda manterase a mesma Comisión de Seguimento designada para o convenio asinado o día 22.08.2024.

QUINTA.- Esta addenda queda suxeita ás mesmas obrigas, condicións e efectos, liquidación e demais termos, que as pactadas no convenio de colaboración inicial do que trae causa.

SEXTA. - En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior Portos de Galicia, o Concello de Moaña, e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

Para cumprimentar a presente addenda en todas as súas partes subscríbese de forma dixital.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

Presidente da E.P.E Portos de Galicia

José Antonio Álvarez Vidal

A alcaldesa do Concello de Moaña

Leticia Santos Paz

